



Acta da Comisión Delegada

22 de xullo de 2019

Lugar: Reunión por medios telemáticos.

Hora: 20:30 horas

Orde do día

- 1.- Modificacións de calendario oficial de Competición.
- 2.- Regulamentación Campionato Galego de Triatlón de Media Distancia
- 3.- Rogos e preguntas

Asistentes:

Presidente-Gonzalo Mario Triunfo Delgado

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

Triatlón Ferrol (José Antonio Formoso)

Triatlón Santiago (Asiste José Ramón González con delegación do presidente)

Patricio Cruz Fariás Forneiro

Enrique Hernández (T. Rias Baixas) disculpa a súa ausencia.

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Comeza a sesión ás 20:40 h.

1.-Modificación do Calendario Competición Deportiva.

Comunícase a proposta de engadir proba de Circuito de Menores e popular – Aguete- 7 de setembro de 2019 organizada polo CD Pinarium e a Asoc. De comercio de Aguete e o visto bo da organización de Rianxo que coincide na mesma data.

Feitas as valoracións correspondentes, por unha banda engadir unha proba ás dúas do calendario, dando máis opción de participación aos nenos xa que apenas hai probas para estas categorías, onde se caeu Sada xa das tres que había no circuito e por outra o feito de que é moi tarde, os clubs teñen un parón no verán e comezan a adestrar en setembro procédese á votación.

Apróbase engadir a proba ao calendario e que sexa puntuable para o circuito de triatlón de Menores por 3 votos a favor e 2 en contra (Triatlón Ferrol e Arcade Inforhouse).

2.-Regulamentación Campionato Galego de Triatlón de Media Distancia

Exponse o vixente acordo de 2018 que establece que o título de campionato galego individual masculino se outorgue na saída pro, o feminino na saída feminina e o campionato de categorías masculina sae da clasificación conxunta da proba pro e a de Grupos de Idade por tempos.

Proponse que a clasificación de clubs masculinos, aprobada en 2019 para todas as probas sen drafting, saia da clasificación absoluta conxunta por tempos (PRO+GGEE). Tal e como se establece regulamentariamente puntuando os tres mellores deportistas. A clasificación de clubs feminina sairá da clasificación feminina.

Apróbase por unanimidade.

Levántase a sesión ás 20:55 h.

Asdo.- A Secretaria Xeral
Mónica Flores Ferreiro

VºBº

Asdo.- O presidente
Gonzalo Triunfo Delgado.